# Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño

MEMORIA ECONÓMICA DO INSTITUTO TECNOLÓXICO PARA O CONTROL DO MEDIO MARIÑO DE GALICIA PARA O ANO 2007

INTRODUCCIÓN

A Lei 3/2004 de 7 de xuño, de creación do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia deu lugar no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e ao amparo do seu Estatuto de Autonomía, a creación dun ente de direito público con personalidade xurídica e patrimonio de seu e con plena capacidade e autonomía para o cumprimento dos seus fins.

O Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia (INTECMAR), dependente da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, asume as competencias atribuídas o Centro de Control do Medio Mariño, integrado como Dirección Xeral na Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos constituíndose no instrumento da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia para exercicio das funcións de control da calidade do medio mariño, da aplicación das disposicións legais en materia de control técnico sanitario dos produtos do mar e de asesoría técnico científica sobre pesca, marisqueo e acuicultura no ámbito das zonas de produción en augas competencia da Comunidade autónoma.

O Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia ten como obxectivo xeral desenvolver un estrito e intensivo sistema de control sobre as características do medio mariño para dar cumprimento formal a lexislación vixente en canto a produción de moluscos e outros invertebrados mariños, contribuír o desenvolver novas estratexias de explotación e comercialización baseadas en ofertar produtos de óptima calidade con absoluta garantía sanitaria, desenvolver estudos de carácter científico-técnico destinados a facilitar os coñecementos necesarios para a correcta xestión dos recursos mariños e protexer e mellorar a calidade das augas.

Dentro das competencias da Administración autonómica, e sen perxuicio das competencias atribuídas a outros organismos, correspóndelle ao Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia, entre outras, as seguintes potestades administrativas:

a) Aplicación da normativa sobre calidade das augas e da produción de moluscos bivalvos e outros organismos procedentes da pesca, o marisqueo e a acuicultura. En concreto, o control das condicións oceanográficas, bioxeoquímica mariña e poboacións fitoplantónicas, das biotoxinas mariñas, da contaminación química e da contaminación microbiolóxica, tanto no referente aos organismos coma ás zonas de produción.

b) A investigación para o coñecemento e control das patoloxías dos organismos mariños sometidos á explotación comercial mediante a pesca, o marisqueo e a acuicultura.

c) Decretar a apertura e o pechamento do exercicio da atividade pesqueira, de marisqueo e acuicultura en función do resultado dos controis que se realicensobre a calidade das augas e os produtos, en aplicación da normativa vixente.

d) Aquelas funcións que regulamentariamente se lle atribúan na loita contra a contaminación mariña.

e) O cumprimento dos programas de control do medio mariño que, no ámbito das funcións que establece esta lei, determine a Xunta de Galicia en función da lexislación vixente na materia e das súas propias necesidades para a xestión do medio mariño.

f) Aquelas funcións que, no ámbito das competencias da Comunidade Autónoma, poidan serlle atribuídas pola Xunta de Galicia en materia de control das características do medio mariño e dos seus recursos sometidos a explotación comercial.

O Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia dispoñerá para o cumplimento dos seus fins das potestades administrativas e das facultades necesarias que se determinen nos seus estatutos ou no decreto de desenvolvemento. Nos devanditos estatutos ou decreto, determinaranse os órganos aos que se lles asignará a facultade de exercer as citadas potestades.

Corresponderalle ao instituto ademais das potestades administrativas anteriormente establecidas, entre outras, as actividades de asesoría técnico-científica para o coñecemento das características da pesca, o marisqueo e a acuicultura, a elaboración de informes relativos as súas funcións e propoñerlle á Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos as modificacións lexislativas necesarias para adaptar a lexislación autonómica as novas normativas que diten, así como os cambios necesarios para darlles cobertura legal ás novas exixencias que o sistema de control estableza como necesarias.

A lei 3/2004, de 7 de xuño nan súa disposición adicional primeira establece:

"1. Regulamentariamente fixarase a data para o inicio da actividade do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia

2. Na data de inicio da actividade do ente público extínguese o Centro de Control do Medio Mariño como dirección xeral da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, subrogándose o ente público en todos os procedementos e as relacións xurídicas, excepto as de naturaleza laboral, que se rexerán polo disposto nas disposicións transitorias da lei, correspondentes á devandita dirección xeral"

Posteriormente, e para desenvolvemento da lei 3/2004 de 7 de xuño, aprobase o Decreto 41/2005, do 17 de febreiro, de regulamento do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia.

Na súa disposición adicional primeira, punto 2, establece que: “O Consello de administración dará inicio ás actividades do INTECMAR nun prazo non superior a tres meses a partir da entrada en vigor do presente decreto”

Segundo a Acta da reunión do 7 de abril de 2005 do Consello de Administración do INTECMAR, no apartado 2º, fixouse como data de inicio de actividades o día 1/05/2005.

No ano 2006 os recursos de persoal do INTECMAR, foron incrementados mediante a contratación de asistencias técnicas para dar cumprimento as funcións encomendadas e as novas demandas derivadas da investigación e control de novas toxinas mariñas establecidos pola lexislación comunitaria. Para o ano 2007 no capítulo I, Persoal, contempla un forte incremento debido a unha reestruturación administrativa, novos requerimentos analíticos sobre todo en materia de biotoxinas e as necesidades de incrementar novos mostrases e analíticas para dar cumprimento a Directiva 2004/41, aprobada polo Consello do Parlamento Europeo o 21 de Abril de 2004 e dos regulamentos 852/2004,853/2004,854/2004 aprobada polo Consello do Parlamento Europeo o 29 de Abril de 2004, cuxa entrada en vigor é dende o 1 de xaneiro do 2006.

A aplicación do regulamento 853/2004 do 29 de Abril, impide a comercialización para consumo humano directo dos moluscos procedentes de zonas clasificadas como de tipo C. Para disminuir a extensión das zonas C o INTECMAR comenzou un intenso programa de mostraxe aumentando o número de puntos de control e a frecuencia das mostraxes para reducir no posible a extensión das zonas de tipo C e permitir a súa clasificación como zonas B, xa que o estar maioritariamente situadas nas zonas internas das rías as especies de maior importancia comercial son a ameixa fina e o berberecho que ten un valor comercial elevado para consumo en fresco. Esto permitiu unha disminución de máis do 50 % da extensión das zonas de tipo C pero obriga a duplicar o número de mostraxes microbiolóxicos nas zonas de producción.

Entre as novas obrigas que debe asumir o INTECMAR na análise de biotoxinas mariñas son de especial relevancia as derivadas da aplicación da Decisión 2002/225/CE,

pola que se establecen as normas detalladas para a aplicación da Directiva 91/492/CEE do Consello, no que se refire aos niveis máximos e aos métodos de análise de determinadas biotoxinas mariñas en moluscos bivalvos, equinodermos, tunicados e gasterópodos mariños. Esta Decisión considera que está cientificamente demostrado que algunhas biotoxinas mariñas, como as do grupo do síndrome diarreico (DSP) (ácido ocadaico e dinofisistoxinas DTX), así como as iesotoxinas (YTX), as pectenotoxinas (PTX) e os azaspirácidos (AZA), constitúen un un perigo grave para a saúde humana cando están presentes en determinados organismos mariños destinados ao consumo humano. Esta Decisión foi incorporada a normativa da Comunidade Autónoma mediante o Decreto 28/2005, do 28 de xaneiro, polo que se regula o control das biotoxinas en moluscos bivalvos e outros organismos procedentes da pesca, o marisqueo e a acuicultura, conlevado un incremento das análises necesarias para garantizar a salubridade dos moluscos. Ademais a nova necesidade de novos análises de metais, para permitir a comercialización de moluscos como o relo que presenta altos niveis de presencia de chumbo e outras analíticas de augas para facer fronte a procesos non previstos e estudio e control de vertidos no medio mariño.

Polo que o INTECMAR para o ano 2007 ten previsto o incremento da súa plantilla en perxuicio da contratación de asistencias técnicas. Isto conlevaría unha mellor optimización dos recursos, redución de custos e garantizaría unha axeitado funcionamento do centro, xa que o ser un Centro Acreditado implica a necesidade de que o persoal responsable dos análises sexa persoal do INTECMAR. Isto conlevaría a continuidade no tempo.

As necesidades de incrementar o control e realizar novas análises obrigou a renovación de instalacións con unha elevada inversión no ano 2005, a cal non se executou na súa totalidade no ano 2006 , preveese a finalización da mesma para comezos do ano 2007, a cal debe ser completada con dotacións de laboratorios e a compra de novos equipos e instrumental. O retraso da mesma debeuse a criterios técnicos que tiñan como finalidade garantir unha axeitada distribución dos laboratorios adecuada as novas necesidades. A ampliación do instituto tecnolóxico cun novo edificio

para laboratorios e despachos vai supoñer un incremento da superficie construída de 2.077,70 m2, cunha superficie útil de 1753,95 m2.

Ademais da dotación do novo laboratorio, está prevista a instalación de calefacción e aire acondicionado nas dependencias do edificio actual así como realiza-las obras para comunicar entre si os dous edificios.

Esta renovación e ampliación de instalacións conleva un aumento dos gastos correntes. Para o ano 2007 os orzamentos de gasto corrente sofren un forte incremento, tendo en conta que o ano 2006 foi o primeiro ano completo da posta en funcionamento do INTECMAR, no cal verificouse a insuficiencia presupuestaria para facer fronte os gastos correntes de este centro. Ademais hai que ter en conta que para o ano 2007 implica un novo edificio cos correspondentes gastos de seguridade, limpeza, mantemento, suministros, etc que iso conleva.

A renovación do parque microinformático, adquisición de novos equipos e licencias de software, significan unha inversión elevada que debe manterse para cubri-las necesidades derivadas do incremento de persoal e instalación de novos equipos.

En base o Decreto 41/2005, de 17 de febreiro, o inicio de actividades do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia quedou establecido no día 1/05/2005.

Actualmente os fondos do INTECMAR proceden das transferencias correntes e de capital da Xunta de Galicia asignadas anteriormente a Dirección Xeral do Centro de Control do Medio Mariño.

A asunción de competencias conleva asumir compromisos con diversas institucións para completar e iniciar programas de investigación e desenvolvemento que

anteriormente eran asumidos pola dirección xeral ou pola Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos. Entre os compromisos para o vindeiro ano están diversos convenios coa Universidade de Santiago, Instituto Oceanográfico Español, Consellería de Sanidade, Convenio con 5 Consellerías e asi como outros que se encontran en fase de tramitación.

**PRESUPOSTO DE GASTOS**

1. **GASTOS DE PERSONAL: 1.849.694**

Presentan o seguinte desglose:

**1.A.- Soldos e salarios: 1.409.931**

| **CONCEPTO** | **Importe** |
|---|---:|
| Soldos do grupo C | 10.091 |
| Soldos do grupo D | 16.309 |
| Soldos do grupo E | 7.402 |
| Trienios | 2.691 |
| Complemento de destino | 13.147 |
| Complemento específico | 13.011 |
| Outros complementos | 1.384 |
| IPC Galego | 242 |
| Laboral fixo. Retribucións básicas | 1.061.269 |
| Laboral fixo. Outras remuneracións | 46.901 |
| Plus de perigosidade, penosidade e toxic. | 31.987 |
| Laboral fixo. Trienios | 28.537 |
| Laboral fixo. IPC Galego | 3.578 |
| Altos cargos retribucións básicas | 124.985 |
| Altos cargos. IPC Galego | 213 |
| Soldos do grupo A | 16.480 |
| Trienios | 4.439 |
| Complemento destino | 11.271 |
| Complemento específico | 15.821 |
| IPC Galego | 173 |
| **TOTAL** | **1.409.931** |

**1.B.- Seguridade Social: 439.763**

| CONCEPTO | Importe |
|---|---|
| Cotas sociais Seg Soc (laboral fixo e grupos C, D, E) | 413.313 |
| Cotas sociais Seg Soc (altos cargos e grupo A) | 26.450 |
| **TOTAL** | **439.763** |

## 2. OUTROS GASTOS DE EXPLOTACIÓN: 496.848

Presentan o seguinte desglose:

**2.A.- Servicios exteriores: 496.247**

| CONCEPTO | Importe |
|---|---|
| Axudas de costo | 13100 |
| Edificio e outras construccións (reparación e mantemento) | 15381 |
| Maquinaria, instalaciones e utillaje (reparación e mantemento) | 39108 |
| Material de transporte | 39568 |
| Material de oficina no inventariable | 24693 |
| Prensa, revistas, libros e outras publicacións | 4439 |
| Material informático no inventariable | 17271 |
| Enerxía eléctrica | 86885 |
| Auga | 6548 |
| Combustibles | 15036 |
| Outras subministracións | 2745 |
| Comunicacións telefónicas | 52870 |
| Comunicacións postais | 1292 |
| Limpeza e aseo | 65311 |
| Seguridade | 112000 |
| | |
| **TOTAL** | **496.247** |

**2.B.- Outros tributos: 601**

## PRESUPOSTO DE INGRESOS

1. **INGRESOS FINANCIEIROS E ASIMILADOS: 30.000**

   Son xuros por depósitos

2. **SUBVENCIÓNS Á EXPLOTACIÓN: 2.317.133**

   2.A. Transferencias Correntes da Comunidade Autónoma: 2.223.333

   2.B. Subvencións doutras entidades públicas (SERGAS, IRTA, …): 83.800

   2.C. Outras subvencións: 10.000

## PRESUPOSTO DE INVESTIMENTOS

.

**1. INMOBILIZACIONES INMATERIAL: 3.000.000 €**

Son Gastos de I+D+i, que se aplicarán nos proxectos en funcionamento e na instalación de novas liñas de traballo para dar cumprimento á nova normativa comunitaria (ver introducción memoria).

**O presuposto de investimento financiarase coas subvencións de capital por importe de 3.000.000 €**

## ORZAMENTOS XERAIS DA COMUNIDADE AUTONOMA DE GALICIA - 2007

### ORZAMENTO DE EXPLOTACIÓN

**SOCIEDADE: INSTITUTO TECNOLÓXICO PARA O CONTROL DO MEDIO MARIÑO DE GALICIA** — Miles de euros

| | DEBE |
|---|---|
| **REDUCCIÓN DE EXISTENCIAS** | |
| **APROVISIONAMENTOS** | **0** |
| **GASTOS DE PERSOAL** | **1.850** |
| Soldos e salarios | 1.410 |
| Seguridade Social a cargo da empresa | 440 |
| Indemnizacións | 0 |
| Contribucións a sist. complementarios de pensións | 0 |
| Outros | 0 |
| **AMORTIZACIÓNS** | **0** |
| Do inmobilizado material | 0 |
| Do inmobilizado inmaterial | 0 |
| De gastos de establecemento | 0 |
| **VARIACIÓN DAS PROVISIÓNS DO INMOBILIZADO** | **0** |
| | |
| **VARIACIÓN DAS PROVISIÓNS DE TRAFICO** | **0** |
| Variación das provisións de existencias | 0 |
| Variac. Prov. de perdas Ctos. Incobrables | 0 |
| Variacións outras provisións de tráfico | 0 |
| **OUTROS GASTOS DE EXPLOTACIÓN** | **497** |
| Servicios exteriores | 497 |
| Impostos sobre beneficios | 0 |
| Outros tributos | 0 |
| Outros gastos de xestión corrente | 0 |
| Dotación ó fondo de reversión | 0 |
| **GASTOS FINANCEIROS E ASIMILADOS** | **0** |
| De obrigas e bonos | 0 |
| De préstamos e créditos | 0 |
| Por descontos de efectos comerciais | 0 |
| Dif. negativas de cambio Inv.Financ. temporais | 0 |
| Dif. negativas de cambio Inv.Financ. permanentes | 0 |
| Outros | 0 |
| Gastos para distrib. en varios exercicios, aplicados | 0 |
| **VARIACIÓN PROV. INVEST. FINANCEIROS** | **0** |
| A longo prazo | 0 |
| A curto prazo | 0 |
| **SUBVENCIÓNS CONCEDIDAS POLA EMPRESA** | **0** |
| **GASTOS ORDINARIOS** | **2.347** |
| **BENEFICIO DAS ACTIVIDADES ORDINARIAS** | **0** |

| | HABER |
|---|---|
| **AUMENTO DAS EXISTENCIAS** | |
| **VENDAS NETAS** | **0** |
| Vendas nacionais | 0 |
| Exportacións | 0 |
| Prestación de servicios | 0 |
| **INGRESOS ACCESORIOS DA EXPLOTACIÓN** | **0** |
| Alugueiros | 0 |
| Outros | |
| **INGRESOS FINANCEIROS E ASIMILADOS** | **30** |
| Dividendos | 0 |
| Xuros | 30 |
| Diferencias positivas de cambio Inv.financ.temporais | 0 |
| Diferencias positivas de cambio Inv.financ.permanentes | 0 |
| Outros | 0 |
| Ingresos para distribuir en varios exercicios, aplicados | 0 |
| **SUBVENCIÓNS A EXPLOTACIÓN** | **2.317** |
| Da Comunidade Autónoma | 2.223 |
| Doutros Entes Públicos (con detalle) | 84 |
| Doutros (especificar) | 10 |
| **TRABALLOS REAL. EMPR. PARA O SEU INMOBILIZADO** | **0** |
| **INGRESOS ORDINARIOS** | **2.347** |
| **PERDAS DAS ACTIVIDADES ORDINARIAS** | **0** |

| | |
|---|---|
| **RESULTADOS NETOS DE SUBVENCIÓNS** | **-2.317** |
| **+BENEFICIO DAS ACTIVIDADES ORDINARIAS** | 0 |
| **+SUBVENCIÓNS CONCEDIDAS POLA EMPRESA** | 0 |
| **-SUBVENCIÓNS Á EXPLOTACION** | 2.317 |
| **-PERDAS DAS ACTIVIDADES ORDINARIAS** | 0 |

## ORZAMENTOS XERAIS DA COMUNIDADE AUTONOMA DE GALICIA - 2007

### ORZAMENTO DE CAPITAL

SOCIEDADE: INSTITUTO TECNOLÓXICO PARA O CONTROL DO MEDIO MARIÑO DE GALICIA — Miles de euros

| | ORIXE DE FONDOS |
|---|---|
| **RECURSOS XERADOS POLAS OPERACIÓNS** | **0** |
| **Cash-flow actividades ordinarias** | **0** |
| Amortizacións | 0 |
| Provisións netas de explotación (debe-haber) | 0 |
| Gastos e ingresos para distribuir en varios exercicios, aplicados | 0 |
| Resultado ordinario antes de subvencións | -2.317 |
| Subvencións netas á explotación | 2.317 |
| Diferencias de cambio netas de explot.temp.(debe-haber) | 0 |
| Diferencias de cambio netas de explot.perm.(debe-haber) | 0 |
| **Gastos e ingresos extraordinarios** | **0** |
| **APORTACIÓNS DE CAPITAL** | **0** |
| Da Comunidade Autónoma | 0 |
| Doutros entes públicos | 0 |
| De sociedades públicas | 0 |
| Doutros (especificar) | 0 |
| **SUBVENCIONS DE CAPITAL** | **3.000** |
| Da Comunidade Autónoma | 3.000 |
| Doutros entes públicos | 0 |
| Doutros (especificar) | 0 |
| **OUTROS INGRESOS PARA DISTRIBUIR EN VARIOS EXERCICIOS** | |
| **FINANCIAMENTO ALLEO A LONGO PRAZO** | **0** |
| Préstamos da Comunidade Autónoma | 0 |
| Préstamos doutros entes públicos | 0 |
| Crédito oficial | 0 |
| Empréstitos e outros pasivos análogos | 0 |
| Préstamos de empresas do grupo | 0 |
| Préstamos de empresas asociadas | 0 |
| Préstamos doutras empresas | 0 |
| Acredores a longo prazo das Administracións públicas | 0 |
| Acredores a longo prazo excepto das Admóns. públicas | 0 |
| **ALLEAMENTO DE INMOBILIZADO** | **0** |
| Inmobilizado material | 0 |
| Inmobilizado inmaterial | 0 |
| **Alleamento inmobilizado financeiro** | **0** |
| Empresas do grupo | 0 |
| Empresas asociadas | 0 |
| Outros investimentos financeiros | 0 |
| **ALLEAMENTO DE ACCIÓNS PROPIAS** | |
| **CANCELACION ANTICIPADA OU TRASPASO A CURTO PRAZO DE INMOBILIZACIONS FINANCEIRAS** | **0** |
| Empresas do grupo | 0 |
| Empresas asociadas | 0 |
| Outros investimentos financeiros | 0 |
| **TOTAL ORIXES** | **3.000** |
| **DIMINUCIÓN CAPITAL CIRCULANTE** | |

| | APLICACIÓN DE FONDOS |
|---|---|
| **PROVISIÓNS PARA RISCOS E GASTOS** | **0** |
| **ACCIONISTAS POR DESEMBOLSOS NON ESIXIDOS** | **0** |
| **GASTOS DE ESTABLECEMENTO E FORMALIZACIÓN DE DEBEDAS** | **0** |
| Gastos de constitución, primeiro establecemento e ampliación de capital | 0 |
| Gastos, emisión de débeda e outros gastos financeiros diferidos | 0 |
| **ADQUISICIÓN DE INMOBILIZADO** | **3.000** |
| **Inmobilizado material** | **0** |
| Terreos e construccións | 0 |
| Instalacións técnicas e maquinaria | 0 |
| Outras instalacións, utensilios e mobiliario | 0 |
| Anticipos e inmobilizacións materiais en curso | 0 |
| Outro inmobilizado material | 0 |
| **Inmobilizado inmaterial** | **3.000** |
| Gastos de investigación e desenvolvemento | 3.000 |
| Propiedade industrial | 0 |
| Fondo de comercio, dereitos de traspaso | 0 |
| Outro Inmobilizado inmaterial (especificar) | 0 |
| **Inmobilizado financeiro** | **0** |
| Empresas do Grupo | 0 |
| Empresas asociadas | 0 |
| Outros investimentos financeiros | 0 |
| **ADQUISICIÓN DE ACCIÓNS PROPIAS** | |
| **REDUCCIÓN DE CAPITAL** | |
| **DIVIDENDOS E OUTROS REPARTOS DE BENEFICIOS** | **0** |
| A Comunidade Autónoma | 0 |
| A outros entes públicos | 0 |
| A sociedades públicas | 0 |
| A outras (especificar) | 0 |
| **CANCELACION OU TRASPASO A CURTO PRAZO DE DEBEDA** | **0** |
| Préstamos da Comunidade Autónoma | 0 |
| Préstamos doutros entes públicos | 0 |
| Crédito oficial | 0 |
| Empréstitos e outros pasivos análogos | 0 |
| Préstamos de empresas do grupo | 0 |
| Préstamos de empresas asociadas | 0 |
| Doutras débedas | 0 |
| De provedores de inmobilizado e outros | 0 |
| **TOTAL APLICACIÓNS** | **3.000** |
| **AUMENTO CAPITAL CIRCULANTE** | **0** O.K. |

| VARIACIÓN DO FONDO DE MANIOBRA | |
|---|---|
| -Aumento das existencias | 0 |
| -Aumento de accionistas polos desembolsos esixidos | 0 |
| -Aumento debedores excepto Admóns.públicas | 0 |
| -Aumento debedores das Admóns.públicas | 0 |
| -Aumento contas financeiras | 0 |
| -Aumento axuste pola periodificación de activos | 0 |
| **≅ ACTIVO CIRCULANTE** | **0** |
| -Reducción das existencias | 0 |
| -Aumento acred. curto plazo excepto Admóns.públicas | 0 |
| -Aumento acredores curto plazo das Admóns.públicas | 0 |
| -Aumento axuste pola periodificación de pasivos | 0 |
| **∇ PASIVO CIRCULANTE** | **0** |
| **VARIACIÓN FONDO DE MANIOBRA** | **0** |

## ORZAMENTOS XERAIS DA COMUNIDADE AUTONOMA DE GALICIA - 2007

### BALANCE DE SITUACIÓN

**SOCIEDADE: INSTITUTO TECNOLÓXICO PARA O CONTROL DO MEDIO MARIÑO DE GALICIA** — **Miles de euros**

| ACTIVO | 2.005 | 2.006 | 2.007 | ≅FM 07/06 |
|---|---|---|---|---|
| Accionistas (socios) por desembolsos non esixidos | 0 | 0 | 0 | |
| Gastos de establecemento | 0 | 0 | 0 | |
| Inmobilizado inmaterial neto | 2.221 | 4.951 | 7.951 | |
| Inmobilizado material neto | 2.447 | 4.247 | 4.247 | |
| Provisións do inmobilizado non financeiro | 0 | 0 | 0 | |
| Inmobilizado financeiro neto | 0 | 0 | 0 | |
| Accións propias | 0 | 0 | 0 | |
| Gastos para distribuir en varios exercicios | 0 | 0 | 0 | |
| Accionistas por desembolsos esixidos | 0 | 0 | 0 | |
| Existencias | 0 | 0 | 0 | |
| Debedores ordinarios | 0 | 0 | 0 | 0 |
| Debedores administracións públicas | 0 | 0 | 0 | 0 |
| Contas financeiras | 0 | 0 | 0 | 0 |
| Axustes por periodificación | 0 | 0 | 0 | |
| **TOTAL ACTIVO** | **4.668** | **9.198** | **12.198** | |

| PASIVO | 2.005 | 2.006 | 2.007 | |
|---|---|---|---|---|
| Fondos propios | 0 | 0 | 0 | |
| Subvencións en capital | 4.668 | 9.198 | 12.198 | |
| Diferencias positivas de cambio | 0 | 0 | 0 | |
| Outros ingresos para distribuir en varios exercicios | 0 | 0 | 0 | |
| Provisións para riscos e gastos | 0 | 0 | 0 | |
| Acredores a longo prazo | 0 | 0 | 0 | |
| Acredores a curto prazo, ordinarios | 0 | 0 | 0 | 0 |
| Acredores a corto prazo, administracións públicas | 0 | 0 | 0 | 0 |
| Provisións para operacións de tráfico | 0 | 0 | 0 | 0 |
| Axustes por periodificación | 0 | 0 | 0 | |
| **TOTAL PASIVO** | **4.668** | **9.198** | **12.198** | |

**ORZAMENTOS XERAIS DA COMUNIDADE AUTONOMA DE GALICIA - 2007**

**CADRO DE FINANCIAMENTO**

**SOCIEDADE: INSTITUTO TECNOLÓXICO PARA O CONTROL DO MEDIO MARIÑO DE GALICIA** **Miles de euros**

| | 2.005 | 2.006 | 2.007 |
|---|---|---|---|
| **Máis : RECURSOS XERADOS POLAS OPERACIONS (antes de subvencións)** | **-1.251** | **-1.932** | **-2.317** |
| **Menos : AUMENTOS DAS NECESIDADES OPERATIVAS DE FONDOS** | **0** | **0** | **0** |
| Existencias | 0 | 0 | 0 |
| Debedores excepto Administracións Públicas | 0 | 0 | 0 |
| Axustes pola periodificación de activos | 0 | 0 | 0 |
| Accionistas polos desembolsos esixidos | 0 | 0 | 0 |
| Debedores das administracións públicas | 0 | 0 | 0 |
| Acredores de administracións públicas | 0 | 0 | 0 |
| Acredores excepto administracións públicas | 0 | 0 | 0 |
| Axustes por periodificación pasivos | 0 | 0 | 0 |
| **Igual : FONDOS XERADOS POLAS OPERACIÓNS** | **-1.251** | **-1.932** | **-2.317** |
| **Máis : RECURSOS EXTERNOS OBTIDOS** | **5.919** | **6.462** | **5.317** |
| Contribucións de capital | 0 | 0 | 0 |
| Subvencións en capital | 4.668 | 4.530 | 3.000 |
| Subvencións á explotación | 1.251 | 1.932 | 2.317 |
| Outros ingresos para distribuir en varios exercicios | 0 | 0 | 0 |
| Financiamento alleo a longo prazo | 0 | 0 | 0 |
| Alleamento de inmobilizado | 0 | 0 | 0 |
| Alleamento de accións propias | 0 | 0 | 0 |
| Cancelación ant. traspaso a curto prazo inmobilizacións financeiras | 0 | 0 | 0 |
| **Igual : TOTAL FONDOS OBTIDOS** | **4.668** | **4.530** | **3.000** |
| **Menos : DOTACIÓNS** | **-4.668** | **-4.530** | **-3.000** |
| Accionistas por desembolsos non esixidos | 0 | 0 | 0 |
| Gastos de establecemento e formalización de debedas | 0 | 0 | 0 |
| Imobilizado material | 2.447 | 1.800 | 0 |
| Inmobilizado inmaterial | 2.221 | 2.730 | 3.000 |
| Inmobilizado financeiro | 0 | 0 | 0 |
| Adquisición de accións propias | 0 | 0 | 0 |
| Reducción de capital | 0 | 0 | 0 |
| Dividendos e outros repartos de beneficios | 0 | 0 | 0 |
| Cancelación ou traspaso a curto prazo de debedas a longo prazo | 0 | 0 | 0 |
| Provisións para riscos e gastos | 0 | 0 | 0 |
| **Igual : TOTAL CONTAS FINANCEIRAS XERADAS** | **0** | **0** | **0** |
| **Máis : CONTAS FINANCEIRAS (SALDO INICIAL)** | **0** | **0** | **0** |
| **Igual : CONTAS FINANCEIRAS (SALDO FINAL)** | **0** | **0** | **0** |

## ORZAMENTOS XERAIS DA COMUNIDADE AUTONOMA DE GALICIA - 2007

### CONTA DE PERDAS E GANANCIAS

**SOCIEDADE: INSTITUTO TECNOLÓXICO PARA O CONTROL DO MEDIO MARIÑO DE GALICIA** **Miles de euros**

| | 2.005 | 2.006 | 2.007 | |
|---|---|---|---|---|
| Vendas Netas, prestación de servicios e outros ingresos de explotación | | | 0 | |
| Máis : Variación de existencias de productos terminados e en curso | | 0 | 0 | |
| Máis : Traballos realizados pola empresa para o seu inmobilizado | 0 | 0 | 0 | |
| **Igual : VALOR DA PRODUCCIÓN** | **0** | **0** | **0** | |
| Menos : Aprovisionamentos | 0 | 0 | 0 | |
| Menos : Gastos externos e de explotación | 169 | 487 | 497 | |
| **Igual : VALOR ENGADIDO DA EMPRESA** | **-169** | **-487** | **-497** | |
| Menos : Outros gastos | 0 | 0 | 0 | |
| Menos : Gastos de persoal | 1.081 | 1.451 | 1.850 | |
| **Igual : RESULTADO BRUTO DA EXPLOTACIÓN** | **-1.250** | **-1.938** | **-2.347** | |
| Menos : Dotacións para amortización de inmobilizado | 0 | 0 | 0 | |
| Menos : Dotacións ó fondo de reversión | 0 | 0 | 0 | |
| Menos : Insolvencias de Créditos e Variación provisións de Tráfico | 0 | | 0 | |
| **Igual : RESULTADO NETO DA EXPLOTACIÓN** | **-1.250** | **-1.938** | **-2.347** | |
| Máis : Ingresos financeiros e outros ingresos a distribuir imputados | 0 | 0 | 30 | |
| Menos : Gastos financeiros | 0 | 0 | 0 | |
| Menos : Dotacións para amortizacións e provisións financeiras | 0 | 0 | 0 | |
| **Igual : RESULTADO ACTIVIDADES ORDINARIAS** | **-1.250** | **-1.938** | **-2.317** | **O.K.** |
| Máis : Resultado proc. do inmobilizado e ingresos e gastos excepcionais | 0 | 0 | | |
| Menos : Variación das Provisións do inmobilizado | | 0 | 0 | |
| **Igual : RESULTADO ANTES DE IMPOSTOS E SUBVENCIÓNS** | **-1.250** | **-1.938** | **-2.317** | |
| Máis : Subvencións netas á explotación | 0 | 0 | 2.317 | |
| **Igual : RESULTADO ANTES DE IMPOSTOS** | **-1.250** | **-1.938** | **0** | |
| Menos : Impostos sobre sociedades e outros | 0 | 0 | 0 | |
| **Igual : RESULTADO DESPOIS DE IMPOSTOS (BENEFICIO OU PERDA)** | **-1.250** | **-1.938** | **0** | |